

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Proxecto de ORDE do ### de ##### de 2024 pola que se modifica a Orde do 3 de abril de 2009 pola que se aproba o Regulamento de funcionamento do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia.

O Regulamento de funcionamento do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia aprobouse mediante a Orde da Consellería do Medio Rural do 3 de abril de 2009 (DOG núm. 70, de 14.04.2009). Posteriormente este regulamento modificouse mediante as ordes desa mesma consellería do 4 de febreiro de 2011 (DOG núm. 28, do 10 de febreiro), do 14 de decembro de 2018 (DOG núm. 244 do 24 de decembro) e do 31 de maio de 2022 (DOG núm. 109, do 8 de xuño).

O Pleno do consello regulador, na súa reunión do pasado día 8.03.2024, aprobou solicitar unha modificación puntual do artigo 9 do seu Regulamento de funcionamento, dedicado ás baixas nos rexistros do consello regulador.

A dita modificación consiste na supresión do contido do número 3 do dito artigo, que impide que unha persoa operadora que se dea voluntariamente de baixa nun rexistro poida logo volver a darse de alta se non transcorreu un período mínimo de dous anos. Entende o dito órgano de goberno do consello regulador que eliminar esta restrición é positiva para o desenvolvemento do sector na medida en que facilita que as persoas operadoras que se deran voluntariamente de baixa por non atopar saída comercial para o produto certificado, unha vez que a teñen poden reingresar no sistema de certificación sen ter que agardar un longo período de tempo.

Por todo o anterior, tras a proposta do Pleno do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia e de acordo co establecido no Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores,

DISPOÑO:

Artigo único. Modificación do anexo da Orde do 3 de abril de 2009 pola que se aproba o Regulamento de funcionamento do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia.



Suprímese o número 3 do artigo 9 (baixa nos rexistros) do anexo da Orde do 3 de abril de 2009 pola que se aproba o Regulamento de funcionamento do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, ## de ##### de 2024

María José Gómez Rodríguez

Conselleira do Medio Rural